

OS ARTIGOS

Os **artigos** son palabras que **acompañan aos nomes** e concordan con eles en **xénero** (masculino ou feminino) e **número** (singular ou plural)

OS ARTIGOS	MASCULINO		FEMININO	
	Singular	Plural	Singular	Plural
DETERMINADOS	O	OS	A	AS
INDETERMINADOS	UN	UNS	UNHA	UNHAS

1) Marca os artigos destas oracións.

- ❖ A miña avoa Manuela ten uns gatiños moi bonitos.
- ❖ Laura é unha rapaza moi intelixente e os seus irmáns tamén.
- ❖ O examen de Ciencias Socias foi moi fácil. Seguro que saco un 10.
- ❖ As cebras teñen no corpo unhas raias negras.

2) A que artigos se refiren?

- Artigo indeterminado feminino plural: _____.
- Artigo determinado masculino singular: _____.
- Artigo indeterminado masculino plural: _____.
- Artigo determinado feminino singular: _____.
- Artigo determinado masculino plural: _____.
- Artigo indeterminado masculino singular: _____.
- Artigo indeterminado feminino singular: _____.
- Artigo determinado feminino plural: _____.



3) Completa cos artigos correspondentes.

DETERMINADOS

_____ caderno _____ libreta
_____ ordenadores _____ ceras de cores

INDETERMINADOS

_____ caldeiro _____ cebola
_____ pementos _____ plantas